


Bacoriño



Bacoriño

Antonio Reigosa

Ilustracións de Andrés Meixide

Título: Bacoriño
Autor: Antonio Reigosa
Ilustrador: Andrés Meixide
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 136
ISBN: 84-9782-215-3
Idade: De 11 anos en diante

XERAI



o autor

Antonio Reigosa

Antonio Reigosa naceu en Mondoñedo en 1958.

Traballa como guía no Museo Provincial de Lugo.

É cofundador de *Chaira*, grupo de investigación etnográfica. Participou en proxectos de investigación sobre literatura oral.

Coautor do *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Pequena mitoloxía de Galicia*, *Cando os animais falaban*, *Arrepíos e outros medos*, *Antoloxía do conto galego de tradición oral* e da colección de contos da tradición oral de Galicia *Cabalo Buligán*.

Foi premio Merlín 1998 por *Memorias dun raposo* e premio Raíña Lupa 2000 por *Resalgarío*.

o ilustrador

Andrés Meixide

Andrés Meixide naceu en Vigo en 1970.

É deseñador e ilustrador. Colabora habitualmente coa TVE Internacional como realizador de decorados e cabeceiras de diversos programas.

A súa obra como ilustrador está publicada en distintas editoriais. *Amor dos quince anos*, *Marilyn*; *O patadón*; *Cando os animais falaban*; *Contos de encantamento, I*; *Xan e Pericán...*

Neste caso, humaniza ao personaxe con divertidas ilustracións.

o libro

Bacoriño ten o seu destino escrito: os matachíns deben cumprir co rito e sacrificalo o día do seu patrón, o dezasete de xaneiro, Santo Antón Lacoeiro.

Bacoriño non é un porco normal: fala, discorre e cavila como calquera persoa.

As aventuras deste porco son para escachar coa risa, pois cando escapa da súa propia morte –correndo sete parroquias– monta un bo rebumbio. Ao longo do malfadado día do Santo Patrón (que se celebra como manda a Voz da Tradición), terá que ser máis listo cós seus perseguidores que devecen por matalo: Ulises, o matachín; o cura Zacarías; os irmáns Aznarández, acabados de saír das aventuras de Tintín... Ademais, terá que lidar co acoso da prensa, coa sedución da moura do castro ou coas malas mañas do tendeiro Policarpo de Outeiro.

O narrador, que se declara fiel testemuña e cronista destas aventuras, ofrécenos varios finais para sacar de apuros a Bacoriño e aos seus perseguidores, finais que conseguirán contentar a todos os lectores e lectoras que se atrevan con esta divertida historia.

Ao día seguinte da aventura, Bacoriño mereceu o título de Porco de Santo Antón e a súa freguesía fíxose célebre dende aquela co nome de Santo Antón do Porco Indultado.


Un conto de humor no que destaca a riqueza da súa espléndida linguaxe e unha excelente integración da cultura tradicional.

temas e valores




A tradición

A Voz da Tradición que aparece no relato dicindo como ha de ser cada cousa no seu tempo, como foi sempre e ha de seguir a ser. Pero, ademais, a tradición aparece por medio daquelas historias que se contan dende sempre, que forman parte da nosa herdanza cultural.




Rebelión contra a tradición

A tradición é unha arma de dobre fío; por un lado debemos respectala porque forma parte da nosa cultura, pero por outro ben vale a pena enfrontala para cambiar aquilo que pode ser inxusto.



A relatividade

O mundo non é igual visto por uns e polos outros. Aos homes parécelles do máis normal matar os porcos para comelos, pero ¿que pensan os porcos acerca deste costume?




A cultura universal xa forma parte da nosa tradición

A Ilíada e a Odisea, os relatos da Biblia en relación á Xonás ou aqueles dos santos que forman parte da historia da Igrexa católica...




O humor

Como ingrediente dunha narración áxil e divertida.



As referencias ao momento actual...

...formando parte do relato. A mestura entre tradición e modernidade produce un resultado sorprendente na historia: un porco ao que queren matar como sempre sucedeu pero que ten teléfono móbil...



O porco...

...e a súa importancia na alimentación.

actividades

Antes da lectura

- Unha vez lido o título, ¿podemos adiantar o argumento da novela?
- Expliquemos a dedicatoria.
- Leamos os títulos dos capítulos e saquemos conclusións en relación ao desenvolvemento da historia.
- Observemos as ilustracións e intercambiamos opinións ao respecto.
- Busquemos na biblioteca outros libros deste mesmo autor.

Ao longo da lectura

- Un porco é o protagonista. Pensemos outras historias tamén protagonizadas por porcos. Contémonolas. Traiamos os libros e presentémosllos aos nosos compañeiros e compañeiras. Prestémosllos.
 - Contestemos:
 - ¿Por que cres que a Voz da Tradición tatexa cando comeza a falarlle a Bacoriño?
 - ¿Quen se chama a si mesmo anxo da garda dos non humanos?
 - ¿Por que se pode dicir que Bacoriño renaceu?
 - ¿Cales son os privilexios dos porcos de Santo Antón?
 - ¿Por que serán San Martiños os que aparecen para salvar a Bacoriño? ¿Por que a Santiago lle chaman Matamouros?
 - ¿Onde se di que viven as mouras e os mouros?
 - ¿Que sabemos dos basiliscos?
 - ¿Por que se chamará herba dos cegos ás ortigas?
 - Ao longo da lectura atoparemos palabras descoñecidas para nós; nuns casos adiviñaremos o significado polo contexto e noutros teremos que axudarnos do dicionario ou dos coñecementos doutros. Sería interesante ir facendo nosas esas palabras novas, elaborando un vocabulario co que logo poderíamos xogar a realizar un concurso dividindo a aula en dous equipos e descubriendo cal deles domina ese léxico.
 - O relato está contado cun certo ton de humor. Citemos algún detalle que nos fixese rir. Tamén podemos buscar outros nos que o autor nos fai acenos, contando con informacións que compartides...
 - Investiguemos que foi o que sucedeu no Monte Medulio e ao que se refire o narrador na páxina 7.
 - Bacoriño parece ser vítima da tradición. Pensemos noutros casos nos que a tradición se teña cebado con persoas ou personaxes.
 - Localicemos os animais que aparecen citados no relato. Outro equipo pode intentar localizar árbores. Tratarase dunha lectura, case en diagonal, buscando determinados datos.
 - Revisemos a historia do pai de Bacoriño e comentemos que nos parece, se nos lembra algunha outra... Logo poderemos ler *O can Rin e o lobo Crispín* de Carlos Casares.
 - Vexamos a diferenza entre os porcos da casa ou de cortello, os porcos de granxa e os porcos bravos. Inventemos un diálogo entre eles.

actividades


- Os porcos coñían. Realicemos un listado de animais relacionándoo co ruído que fan. Tamén podemos escribilo en forma de onomatopea.
- Vaíamos elaborando unha liña argumental coa vida de Bacoriño.
- Investiguemos e expliquemos a historia de Xonás.
- Pasar da vida máis regalada á morte máis cruel pode ser o destino dos porcos. Opinemos ao respecto.
- «Non hai nada máis porco ca un porco», di o corvo, negro coma os pecados máis negros. Escribamos outras frases que teñan algo en común con estas.
- No texto aparecen referencias ao mundo actual como a Intifada. Expliquemos en que consiste.
- «Os homes cando plantan árbores pónenas ordenadas coma se o plantador fose xefe dalgún exército». Busquemos outras comparacións que nos resulten así de interesantes.
- «O burro diante para que non se espante»; «as cousas de palacio van devagar»... Busquemos algunha outra frase feita.
- Realicemos un marcador de lectura axeitado para este libro; desta maneira saberemos sempre en que páxina imos.
- Indaguemos que foi Numancia, a cidade citada na páxina 39.
- Na mesma páxina fálase dun fotógrafo chamado Xusto Lebrato. ¿Paréceche que podería ter algo que ver Xurxo Lobato, un fotógrafo actual? Localicemos algún libro ou catálogo de fotografías deste autor.
- Entresaquemos un chiste que aparece citado na páxina 42.
- Recollamos algunha lenda de mouros ou mouras.
- Vexamos se hai un santo que corresponda aos nosos nomes, en que día se celebra e indagade cal é a súa historia. E, xa de paso, poderemos buscar un dicionario de nomes e indagar cal é o significado do noso.
- Imaxinemos que somos xornalistas que han de contar o que lle está a suceder a Bacoriño en diferentes medios de comunicación. Cada equipo escolle o seu e pasa a realizar a reportaxe, crónica, etc.
- Alguén podería encargarse de facer humor gráfico con esta historia.
- Buscamos información sobre os castros, a época na que se construíron, quen os habitaba, que restos quedan dese tempo...
- Lembremos algunha historia de encantamentos como a da moura.
- De repente, a aventura do porco Bacoriño relacionase coa de Troia, na que tamén hai un Ulises. Contemos aquel outro suceso.
- Conforme lemos, imos recollendo datos en relación aos diferentes personaxes que interveñen na historia. Logo, poderemos realizar a descrición de cada un deles.
- Observemos os alcumes de Policarpo de Outeiro e pensemos en cales lle poñeríamos a calquera outro dos personaxes desta novela.
- Realicemos un esquema, a modo de liña argumental, colocando un resumo do que sucede a cada hora do día.
- Vaíamos apuntando os finais que se lle ocorren ao autor e elixamos o que máis nos guste.

actividades

- Inventemos frases achispadas como esta: «De min non se ri a comadroa que me trouxo a este mundo».
- Os clónicos Aznarández, de nome Xan e Perico, poderían lembrarnos outros personaxes famosos que lle deron nome ao libro *Xan e Pericán*; a ver se dades con eles.
- O derradeiro capítulo, «Un ano despois», fai un deses exercicios de ¿que terá pasado con estes personaxes cando pase un tempo? Apliquemos esta técnica a algunha outra obra que leramos.
- Busquemos algunha historia de encantamentos e desencantamentos.
- Observamos as ilustracións, comentámolas, opinamos sobre elas, vemos se achegan algunha información a maiores do relato, etc.
- Eliximos a ilustración que máis nos guste e argumentamos a elección explicándoa por escrito.
- Remata o libro co testamento de Bacoriño escrito en verso. Lerémolo devagariño e iremos vendo se os versos teñen todos o mesmo número de sílabas, cales riman e como o fan...
- Podemos rematar animándonos a contar a historia de Bacoriño en verso.
- Busquemos o capítulo que máis nos guste e probemos a lelo de forma que cada un de nos represente a un personaxe.

Despois da lectura

- Aparecen citados os libros de Tintín, así que pode ser un bo momento para relelos.
- Tamén hai referencias á *Iliada* e a *Odisea*. Seguramente na biblioteca poderedes atopar algunha versión destes clásicos.
- O autor da historia, que aparece no relato coma un personaxe máis, declárase un cronista da situación. Indaguemos quen eran os cronistas e busquemos datos dalgún deles.
- Nas páxinas 67 a 69 cóntase un conto que seguramente oístes contar dalgunha outra maneira, con algún outro personaxe. Lembrádeas ou preguntade a quen saiba.
- Desa historia que lemos nas páxinas citadas seguramente poderemos sacar algunha moralexa, igual que sucede nas fábulas; probemos a facelo.
- Cada un de nós podería recoller algún dos recursos que lle chamasen a atención: comparacións, frases feitas...
- Buscamos outros libros deste autor. Realizamos unha exposición. Lemos aqueles que nos teñan interese e logo comentámosllos aos compañeiros e compañeiras.
- Localizamos na biblioteca outras obras ilustradas por Andrés Meixide. Despois diso, tentamos ver se somos quen de descubrir algún outro traballo, deste artista, fóra da ilustración de libros.
- Por moito que nos poida chamar a atención, hai lugares nos que está prohibido comer porco. Investiguemos onde e cal pode ser a razón.
- Realicemos outra exposición con libros que traten de animais.
- Se nos gustou este libro, faremos un texto a modo de recomendación para animar a outros compañeiros e compañeiras a que o lean.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 1282-2005